CONCELLO DE PONTEVEDRA

ANUNCIO DE LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE DÚAS INSTALACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO CON DESTINO A QUIOSCOS.

O Concello de Pontevedra someteu a información pública o proxecto e o prego de condicións do outorgamento en réxime de concorrencia mediante concesión demanial de dúas instalacións de dominio público municipal con destino a quioscos. Durante o citado período de información pública presentaronse dous escritos con suxestións ou reclamacións pola mesma persoa, que se estimaron parcialmente mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de outubro de 2017. Nesta sesión acordouse aprobar o prego de condicións do outorgamento en réxime de concorrencia mediante concesión demanial de dúas instalacións de dominio público municipal con destino a quioscos, con estimación parcial das suxestións ou reclamacións formuladas así como o proxecto de concesión cos documentos que o integran, incluíndo o prego de condicións coas modificacións aceptadas. Así mesmo, aprobouse o expediente de concesión demanial.
En dita sesión, así mesmo, acordouse dispoñer a apertura do procedemento de concesión e ordear a publicación dos anuncios de licitación. A presente licitación publicase no BOP, no DOGA e no perfil do contratante do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

1.- ENTIDADE ADXUDICADORA: Datos xerais e datos para a obtención da información.

a) Organismo: Concello de Pontevedra.
b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Patrimonio do Concello de Pontevedra.
c) Obtención de documentación e información:
   1) Dependencia: Servizo de Patrimonio do Concello de Pontevedra.
   2) Domicilio: Rúa Filiberto, s/n 3 andar.
   3) Localidade e código postal: Pontevedra, 36071.
   4) Teléfono: 986868611.
   5) Fax: 986841386.
   6) Dirección de internet do perfil do contratante: sede.pontevedra.gal

2.- OBXECTO DO CONTRATO.

a) Tipo: concesión demanial.
b) Descrición: concesión demanial de dúas instalacións de dominio público municipal con destino a quioscos.
c) Lugar de execución das concesións:
   - Quiosco da Avenida de Bos Aires: na Avenida de Bos Aires, ao lado da praia fluvial do río Lérez, en Pontevedra.

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8YZDPCZMI7ZXOAQ7

- Quiosco da Praza de Barcelos: na Praza de Barcelos, en Pontevedra.

d) Plazo de duración das concesións: 5 anos a contar desde a sinatura do documento de formalización das concesións sendo susceptibles de prórrogas por períodos dun ano, ata un máximo de 10 anos máis, conforme se dispón no artigo 21 do prego de condicións.

3.- TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Tramitación: ordinaria
Procedemento: en réxime de concorrencia
Criterios de adxudicación: os sinalados no artigo 10 do prego de condicións. En concreto son: o canon anual e o proxecto de explotación.

4.- CANONS DA CONCESIÓN

a) Canon da concesión do quiosco da Praza de Barcelos: O que oferte o adxudicatario que non poderá ser inferior a 2.400 euros/ano.
b) Canon da concesión do quiosco da Avenida de Bos Aires: O que oferte o adxudicatario que non poderá ser inferior a 1.100 euros/ano.

5.- GARANTÍAS:

a) Provisional: Non se esixe.
b) Definitiva: O 5% do importe de adxudicación de cada concesión (do quiosco da Praza de Barcelos e da Avenida de Bos Aires), calculado este polo resultado de multiplicar os canons anuais propostos polos adxudicatarios polos 5 anos de duración inicial destas, IVE excluido.

6.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS CONTRATISTAS.

a) Clasificación: Non se esixe.
b) A solvencia economica e técnica determinase no artigo 4 do prego de condicións. No criterio de solvencia económica exisese como medio de selección o volume anual de negocios e no de solvencia técnica o medio é a relación dos principais servizos ou traballos realizados nos útlimos cinco anos que inclúan importes, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos, así como certificados acreditativos destes e unha relación das persoas que se van destinar a execución das concesións.

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8YZDPCZMI7ZXOAQ7

7.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

a) Data límite de presentación: 30 días hábiles seguintes ao da publicación do último de anuncio de licitación no BOP ou no DOGA.
b) Modalidade de presentación: escrita.
c) Lugar de presentación:
   1) Dependencia: Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Pontevedra.
   2) Domicilio: rúa Michelena, 30.
   3) Localidade e código postal: Pontevedra, CP36071.

8.- APERTURA DE OFERTAS.

a) Descrición: apertura sobre documentación administrativa, apertura sobre oferta económica e apertura sobre oferta técnica.
b) Dirección: Sala de reunións do edifico municipal sito en rúa Michelena 30, Pontevedra.
c) Localidade e código postal: Pontevedra, CP 36071.
d) Data e hora: o segundo día hábil de concluir o prazo de presentación de proposicións e rematada a cualificación da documentación administrativa, procederase ás 12,00 horas a apertura en acto público do sobre C. Cabe a posibilidade de prórroga conforme se dispón nos prego de condicións.

9.- GASTOS DO ANUNCIO.

A cargo dos adxudicatarios.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica
O Concelleiro de persoal, réxime interior e patrimonio P.D. (Decreto Alcaldía 21.4.17)

Asdo.: Vicente Legísima García

Asinado por: VICENTE LEGISIMA GARCIA
Servizo: ALCALDIA
Cargo: CONCELLEIRO
Data: 18/10/2017
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:8YZDPCZMI7ZXOAQ7